



PROGRAMA

PRIMAVERA 2016

Astronomía, ciencia,
filmoteca, fotografía,
habilidades sociales,
arquitectura, teatro...

LEGER FORUM METROPOLITANO



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



CIDADE E ARQUITECTURA

A IMAXE DESAPARECIDA: RECONSTRUÍNDO A CIDADE ILUSTRADA (ss. XVIII-XIX)

Luns, de 17.00 a 18.30 h.

RESPONSABLE: Pablo Cobas

As imaxes antigas da cidade son o mellor xeito de apreciar a evolución da nosa arquitectura e urbanismo. A través delas, descubriremos os principais cambios producidos na arte e na sociedade coruñesa ao longo dos séculos XVIII e XIX.

A CIDADE PERDIDA

Martes, de 10.00 a 11.30 h.

RESPONSABLES: Patricia Angulo e Fernando Campos

Coñecer e recordar a cidade da nosa infancia ou incluso a dos nosos antepasados, por medio de fotografías e ilustracións. A través de visitas a pé intercaladas con sesións no Fórum, coñeceremos e compararemos a "cidade perdida" coa actual.

PERSONAXES NA CIDADE

Martes, de 17.00 a 18.30 h.

RESPONSABLES: Patricia Angulo e Fernando Campos

Este obradorio busca dar a coñecer a historia da cidade a través das distintas personaxes que foron deixando pegada en acontecementos, en historias, na arquitectura... ao longo das distintas épocas. Combinará visitas a pé con sesións no Fórum.

NATUREZA CONSTRUÍDA: ANTONIO GAUDÍ

Martes, de 19.00 a 20.30 h.

RESPONSABLE: Félix Huerga

A finalidade deste obradoiro é presentar os exemplos máis representativos e característicos da arquitectura de Antonio Gaudí, desde un triplo punto de vista; en primeiro lugar, o seu encaixe urbano, em segundo, a súa elevada conciencia estética e ornamental e en terceiro, o seu aspecto técnico e construtivo amparado nun dominio da xeometría case perfecto.

ARQUITECTOS

Xoves, de 17.00 a 18.30 h.

RESPONSABLE: Jesús Freire

O arquitecto como xenio ou como estrela da Arquitectura. Analizaremos a vida e obra de distintos arquitectos, tanto galegos como nacionais e internacionais e o momento histórico en que realizaron os seus proxectos, as influencias e correntes artísticas que os levaron a desempeñaren a profesión. Realizaremos visitas a algunha das súas obras máis significativas.

DESCUBRINDO EUROPA 2 : ARQUITECTURA DAS GRANDES URBES EUROPEAS

Xoves, de 17.30 a 19.00 h.

RESPONSABLE: Félix Huerga

Europa constitúe o berce da cultura occidental. A historia fixo dela testemuña dos grandes movementos culturais e artísticos creados pola humanidade desde tempos clásicos. Para descubriremos todas estas cuestións, tomaremos como referencia a arquitectura das grandes cidades europeas para indagar ata poder coñecer todos estes emprazamentos dun xeito global.

UN PASEO POLA CIDADE, DESDE A ILUSTRACIÓN ATA OS NOSOS DÍAS

Venres, de 10.00 a 11.30 h.

RESPONSABLES: Patricia Angulo e Fernando Campos

Coñecer a historia da nosa cidade, desde a época dos ilustrados coruñeses ata os nosos días, a través de visitas a pé en que a historia se entremestura coa realidade. Coñeceremos enigmas, anécdotas, lendas e a propia configuración da cidade a través do paso dos anos.

MEDIO NATURAL

EN PLENA NATUREZA

Xoves, de 17.00 a 18.30 h.

RESPONSABLE: Sonia Coello

Introducir as persoas participantes no coñecemento dos principais problemas ambientais existentes, tales como a contaminación (tipos), efecto invernadoiro, deterioración de recursos naturais, reciclaxe, deforestación, consumo enerxético...

MONOGRÁFICO

ARRIBA O TELÓN!!!

Mércores, de 19.00 a 20.30 h

Este ano, propoñémosvos unha aproximación aos teatros. Descubriremos e coñeceremos a súa, historia, os grandes teatros da antigüidade e as construcións máis modernas, as mellores pezas literarias do xénero, a música, os grandes directores e directoras e intérpretes do teatro... que nos aproximen ao apaixonante mundo do teatro.

PEGADAS DA ARQUITECTURA NO CAMIÑO DE SANTIAGO

Venres, de 10.30 a 12.00 h.

RESPONSABLE: Félix Huerga

A realidade xacobeá é unha concatenación singular de feitos e construcións que se desenvolven ao longo da historia. É por iso que nos intentaremos achegar á arquitectura e natureza humanizada do Camiño de Santiago francés ao seu paso por Galicia e amosar, máis aló dos grandes monumentos, capelas illadas, núcleos rurais e moitos segredos que agochan as paraxes de peregrinación.

ASTRONOMÍA BAIXO UN MANTO DE ESTRELAS

Luns, de 19.00 a 20.30 h.

RESPONSABLE: Óscar Blanco

Descubrir entretidamente as estrelas, os planetas, o universo... facendo prácticas e experimentos que demostren as distintas teorías científicas, con actividades dinámicas e saídas complementarias.

DESCUBRIR O CEO E O UNIVERSO

Venres, de 18.00 a 19.30 h.

RESPONSABLE: Borja Tosar

Un percorrido polos últimos descubrimentos en Astronomía, desde misterios como a materia escura ou a vida extraterrestre a outras cousas máis cotiás como o ceo nocturno. Non son necesarios coñecementos e consideramos que pode ser recomendado para persoas que xa asistisen ao obradoiro de "Baixo un manto de estrelas". Combinaranse as sesións da aula con saídas para observar o ceo nocturno con telescopio.

TEATRO

A ARTE DE FALAR

Luns e mércores, de 17.00 a 18.30 h.

RESPONSABLE: Matilde Blanco

A dicción, a declamación e unha boa oratoria non só axudan a obter máis seguridade persoal e autoestima, senón que poderán ser unha arte moi prezada para o desenvolvemento intelectual e artístico. Saber falar e expresarse con soltura axudan a vencer moitos medos e complexos como o de expresarse correctamente ante un público.

A ARTE DE INTERPRETAR

Luns e mércores, 19.00 a 20.30 h.

RESPONSABLE: Matilde Blanco

Obradoiro que traballará a interpretación como unha arte e unha terapia persoal e colectiva para adquirir máis seguridade nun mesmo e crear e recrear outras vidas, outros personaxes, co noso corpo, a nosa voz, as nosas vivencias e a nosa imaxinación como instrumento. A interpretación é un medio de transformación como actor ou descubriendo o propio personaxe.

XUNTOS AO TEATRO

Mércores, de 19.00 a 20.30 h.

RESPONSABLE: Vicky Pérez

Actividade para amantes do teatro, espectadores con ganas de compartir e desenvolver a súa paixón polas artes escénicas. Diseñado especialmente para tratar as postas en escena presentadas nos teatros da Coruña (Rosalia, Fórum, Ágora, Colón...) onde se busca o desenvolvemento de espectadoras e espectadores críticos. As sesións incluírán: análise dos espectáculos que veñen ao teatro, debates de opinión antes e despois de ver as pezas, visitas ao teatro, entrevistas etc.

MÚSICA

O.F.O.:

ORFF- FÓRUM-ORQUESTRA

Luns, de 10.00 a 11.30 h.

RESPONSABLE: José Manuel Fraga

Obradoiro de música en que se presentarán os diferentes instrumentos de percusión. A partir de aí, explicaranse as técnicas básicas para o emprego dos ditos instrumentos, co obxectivo de poder chegar a montar pequenas obras; crearemos a nosa propia orquestra.

AGRUMUS:

AGRUPACIÓNS MUSICAIS

Luns, de 17.00 a 18.30 h.

RESPONSABLE: José Manuel Fraga

Obradoiro en que se presentarán as diferentes formacións musicais, tanto as clásicas como as propias de Galicia: vogais, instrumentais e mixtos. Tamén se fará fincapé na composición e historia destas con exemplos musicais. Desfrutaremos das principais agrupacións musicais da cidade e saberemos clasificar tanto as voces como os instrumentos.

EU CANTAR, CANTAR, CANTEI...

Luns, de 19.00 a 20.30 h.

RESPONSABLE: Marta Pumares

Eu cantar, cantar, cantei é un percorrido pola nosa música tradicional para coñecermos os nosos bailes, os nosos ritmos e os nosos instrumentos. Aprenderemos a técnica básica da pandeireta e do canto e practicaremos o baile.

HISTORIA E ARTE

GALICIA: CULTURA, ARTE E TRADICIÓN

Luns, de 11.00 a 12.30 h.

RESPONSABLES: Paula Naveira, Viriato Valdés e Pablo Cobas

A riqueza cultural de Galicia é unha fonte inesgotable, un patrimonio que precisa ser

difundido, encomiado e analizado para garantir a súa perpetuidade. Durante este curso, teremos a oportunidade de enxalzar, descubrir e gozar dos valores da Galicia mítica e monumental, desde a eclosión da cultura castrexa ata o esplendor da arte barroca.

ART TOUR: DESTINO INTERNACIONAL

Martes, de 17.00 a 18.30 h.

RESPONSABLES: Bea Álvarez, Paula Naveira e Viriato Valdés

Art Tour é unha actividade formativa que nos convida a realizarmos un percorrido virtual por diferentes enclaves xeográficos para visitarmos museos, monumentos, coleccións e, en definitiva, unha gran variedade de manifestacións artísticas e culturais que abranguen, nesta ocasión, un contexto internacional.

ARTE E MODA: DAS PEIS DO PALEOLÍTICO AOS MIRIÑAQUES DAS MENINAS

Martes, de 19.00 a 20.30 h.

RESPONSABLES: Bea Álvarez, Paula Naveira e Viriato Valdés

Arte e moda son dúas disciplinas que se nutren unha á outra e, para coñecer a súa evolución, é de grande utilidade mirar en ambas as direccións. A través da arte, iremos descubriendo os gustos estéticos de cada época e ao mesmo tempo o coñecemento da indumentaria axudaranos a adscribir as obras a un período concreto da historia da arte e a saber mellor como era a sociedade en que vivían os seus protagonistas.

COMO MIRAR UN MILLÓN DE IMAXES DO SÉCULO XX?

Mércores, de 17.00 a 18.30 h.

RESPONSABLE: Bea Álvarez

Este obradoiro achéganos ao mundo da pintura.

Coñeceremos as obras máis importantes que hoxe ocupan lugares privilexiados nos museos. Cando foron creadas? Para quen? Quen as realizou? Pero, sobre todo, o noso interese está en descubrir as claves para ver un cadro, para mirar un millón de imaxes. Convidámosvos a esta experiencia para coñecer os segredos da pintura.

ABISMOS DE PAIXÓN: ROMANTICISMO E ARTE

Xoves, de 10.00 a 11.30 h.

RESPONSABLE: Héctor Mosquera Méndez

Partindo dunha análise da filosofía e da estética romántica e analizando a obra pictórica de grandes artistas románticos como Friedrich e Turner, trataremos de responder as seguintes preguntas: É o Romanticismo unha forma de misticismo? E se for así, é a auténtica Arte unha manifestación do impulso místico?.

O PROCOLO NO VESTIR

Venres, de 10.30 a 12.00 h.

RESPONSABLE: Ana Álvarez Veiga

Este obradoiro pretende dar a coñecer as normas indumentarias -masculinas e femininas- en xeral, tanto as que afectan á vida diaria como aquelas máis complexas e elitistas. Pretendemos descubrir a linguaxe en que o traxe fala, o protocolo dá lugar, a situación, cor e momento e as cerimoniais máis habituais e que requiren unha determinada vestimenta.

EXPLORAR AS EXPOSICIÓNS

Venres, de 17.30 a 19.00 h.

RESPONSABLES: Paula Naveira, Pablo Cobas e Viriato Valdés

Moitas veces, o máis próximo é o gran descoñecido. Por iso, a oferta cultural que nos brinda a cidade será o fío condutor deste curso. Por medio de sesións alternativas na aula e en diferentes espazos museísticos, iremos descubriendo e analizando cada unha das exposicións do noso ámbito.

CREATIVIDADE MANUAL

MODELADO CREATIVO

Luns, de 18.30 a 20.30 h.

RESPONSABLE: Laura Blanco

Por creatividade enténdese a facultade que alguén ten para crear: é a capacidade creativa dun individuo. Modélanse para comprender ou explicar mellor un proceso ou unhas observacións. Un mesmo obxecto pode ser modelado con distintas técnicas e con distintas intencións, así que, por medio de distintos materiais, realizaremos as nosas propias producións.

DOMADORES DE COIRO

Martes, de 19.00 a 20.45 h.

RESPONSABLE: Katy Burgos

Aproximación a distintas técnicas manuais e artísticas para realizar diferentes producións en coiro e sucedáneos que nos permitan desenvolvermos a creatividade. O material necesario para este obradoiro correrá por conta de cada participante. Este obradoiro estará dirixido ás e aos participantes con experiencia no traballo de coiro porque xa asistiran a este curso noutras edicións.

ILUSTRANDO ANDO

Mércores, de 19.00 a 20.45 h.

RESPONSABLE: Irene Sanjuan

A través da aprendizaxe de diferentes conceptos e técnicas de debuxo, deseño e aplicación de diferentes materiais, aprenderemos a ilustrar un texto e entenderemos como é todo o proceso de elaboración dunha peza para editorial, desde a creación de bosquexos ata as probas de cor ás artes finais e á portada. Ao final deste obradoiro, teremos unha pequena maqueta do " noso libro".

MANUALIDADES CREATIVAS

Xoves, de 11.00 a 13.00 h.

RESPONSABLE: Chari Maquieira

Obradoiro que os introducirá no mundo da

reciclaxe e todo tipo de formas de reutilizar e darlles un novo uso ás cousas. As distintas técnicas manuais levarannos a coñecer e desfrutar das máis diversas técnicas de traballo con materiais como o papel, os tecidos, o metal ou o cristal.

XOIERÍA ARTESANAL

Xoves, de 17.00 a 19.00 h.

RESPONSABLE: Sylvia Kehl

A xoiería artesanal encerra unha chea de posibilidades na creación e no deseño de pezas únicas de bixutería. Con este obradoiro, darémoslles forma a aneis, pendentes, pulseiras, colares e complementos usando técnicas de traballo orixinais con metal de alpaca, aceiro memoria e aluminio, entre outros, e combinando técnicas de modelado de abelorios en fimo e outros materiais.

ARTE EN CARTÓN

Xoves, de 17.00 a 18.45 h.

RESPONSABLE: Tatiana Álvarez e Elsa García

Obradoiro de nivel básico para iniciarse na construción de mobles e outros útiles domésticos empregando o cartón como material principal. Todo isto fai que a actividade sexa moi recomendada para todas aquelas persoas con inquietudes creativas.

INICIACIÓN AO TRABALLO CO COIRO

Xoves, de 19.00 a 20.45 h.

RESPONSABLE: Katy Burgos

Se sempre che gustaron os produtos feitos con coiro e sentiches que che gustaría aprender a facelos, estás ante unha oportunidade única para empezar a traballar o coiro. Este obradoiro preséntase co obxectivo de impartir nocións básicas de traballo co coiro, así como poder desfrutar dunha primeira toma de contacto cunha nova afección. Este obradoiro está dirixido a participantes que nunca traballasen con coiro.

COAS TÚAS MANS

Venres, de 10.00 a 12.00 h.

RESPONSABLE: Fina Sedes

Obradoiro de xoiería téxtil en que utilizaremos a técnica do macramé. Con cordóns axeitados, abelorios de fantasía e uns cantos nós, as e os participantes acadarán este trimestre as destrezas oportunas para realizaren uns orixinais colares coas súas propias mans.

LITERATURA

ESCRITURA CREATIVA

Luns, de 19.00 a 20.30 h.

RESPONSABLE: Susana Blanco

A escritura é tanto unha arte coma unha habilidade que pode ser desenvolta a través dun proceso reflexivo e práctico. O propósito fundamental deste obradoiro é fortalecer a expresión escrita das persoas participantes, mediante a análise reflexiva, a discusión grupal e a produción de textos literarios e non literarios individuais e grupais.

Á CAZA DAS PALABRAS

Mércores, de 10.30 a 12.00 h.

RESPONSABLE: Chus Molina

Este é un obradoiro onde se traballa coas palabras desde un punto de vista creativo. A partir dunha serie de pautas, crearemos os nosos propios textos literarios desenvolvendo a nosa creatividade e imaxinación. Á vez que escribimos, iremos aprendendo os diversos elementos e técnicas literarias. Todo o escrito no obradoiro será compartido e comentado por todos.

TEATRO E POESÍA DO SÉCULO XX EN ESPAÑA

Mércores, de 11.30 a 13.00 h

RESPONSABLE: Antonio Couto

SCRAPEANTES

Venres, de 18.30 a 20.30 h.

RESPONSABLE: Helena Fernández

Xa non somos principiantes, agora somos SCRAPEANTES!!! Así que, poñendo en práctica todo o que aprendemos sobre o Scrap, crearemos proxectos cada vez máis complexos, cos nosos materiais económicos e utilizando algúns novos pero, coma sempre, partindo da base de cartolinas, papeis deco, cinta deco, cintas de lazo, selos, troqueladoras...; todo o que queiras e máis.

Proxectaremos e analizaremos obras de teatro destacadas, desde Valle-Inclán, Lorca, Mihura, Jardiel Poncela, Buero Vallejo ata a actualidade, protagonizadas por actores e actrices importantes. Combinaremos o teatro cunha coidada selección e estudo dos mellores poemas da Literatura Española do século XX, que xurdiron ao redor desas obras de teatro, e cantados ou recitados polas voces de grandes rapsodas e cantantes.

VIAXAR, SOÑAR E COÑECER

Xoves, de 11.00 a 12.30 h.

RESPONSABLE: Antonio León e Pancho Álvarez-Fontenla

O obradoiro propónse recrear grandes viaxes da historia que cambiaron o panorama dos nosos coñecementos e experiencias. Acompañaremos o capitán Cook nas súas expedicións polo Pacífico, viviremos con Darwin a súa aventura americana, iremos cos viaxeiros ingleses que percorrían España no século XIX ou cos grandes pintores que buscaban en África a súa inspiración... Todo iso a partir das testemuñas dos seus protagonistas, dos documentos gráficos que nos deixaron e dalgunhas películas actuais que os recrearon.

CINE

MESTRES DA COMEDIA

Luns, de 10.30 a 12.00 h.

RESPONSABLE: Antonio Brea

Descubriremos os grandes xenios da comedia a partir das orixes do cinema e da súa propia historia. Ao longo desde obradoiro, realizaremos unha divertida viaxe desde os grandes cómicos do cine mudo, Charles Chaplin, Buster Keaton ou Laurel e Hardy e os grandes autores da comedia sonora, por medio das distintas proxeccións que temos ao noso dispor.

CINE, ARTE E REFLEXIÓN

Martes, de 10.30 a 12.00 h

RESPONSABLE: Bea Álvarez

O estudo da arte a través da captación cinematográfica pode servir como unha novidosa aproximación ao mundo da creación artística, como unha visión que sempre queda relegada a un segundo plano ou como algo anecdótico dentro do estudo da historia da arte. Os distintos autores/directores tratan de nos aproximaren ao mundo da creación artística, á biografía dos artistas, ás distintas tendencias e movementos... cunha visión persoal e subxectiva, que pode abrir no/a espectador/a un grande abano de posibilidades para entender e comprender o mundo creativo; abrírase así a porta ao debate e á reflexión.

A ANTIGÜIDADE A TRAVÉS DO CINE

Martes, de 17.00 a 18.30 h.

RESPONSABLE: Antonio Brea

Un ameno percorrido pola Historia Antiga, desde o nacemento da civilización ata a caída de Roma, ilustrado pola particular visión que dela ofreceu o cine desde os seus inicios. Unha viaxe desde Mesopotamia á Roma Imperial e un repaso á multitude de películas que se inspiraron en episodios e personaxes desta apaixonante época.

HISTORIA DO TRAXE A TRAVÉS DO CINEMA

Mércores, de 10.30 a 12.00 h.

RESPONSABLE: Ana Álvarez Veiga

Explicaranse as características da ambientación indumentaria cinematográfica e realizarase un percorrido pola historia da indumentaria de ambos os sexos, vista a través da óptica do cinema nas súas obras máis representativas canto a vestuario e en estrita orde cronolóxica. Farase fincapé no rigor histórico pero destacando e razoando erros.

AS GRANDES SERIE DA TELE

Mércores, de 17.00 a 18.30 h.

RESPONSABLE: Antonio Brea

Realizarase un entretido percorrido pola historia máis completa das series emitidas na televisión, desde os anos 50 ata a actualidade. Tocaranse todos os xéneros e farase fincapé nas que foron e son cumios da narrativa, do estético, do social... Prestaráselle unha especial atención á actual idade de ouro das series, desde Os Soprano a Mad Men ou Breaking Bad, entre outras moitas.

O NOVO CINE ITALIANO

Mércores, de 19.00 a 20.45 h.

RESPONSABLE: David Castro

Trataremos o contexto histórico da irrupción das "Novas Correntes" europeas e analizaremos o cinema italiano a través dos seus directores/as máis importantes, con proxeccións e análise dos filmes fundamentais.

FILMOTECA FÓRUM

Xoves, de 18.30 a 20.00 h.

RESPONSABLE: Martín Pawley

Unha aproximación ao mellor cine de onte e de hoxe, con especial atención aos autores e xéneros que non chegan ás salas comerciais. Valoraremos, comentaremos e falaremos da programación das nosas salas, desde todos os puntos de vista: ademais de repasar as novas de actualidade, os festivais de cine máis importantes..., tocaremos os debates que se están xerando no eido da produción e distribución cinematográfica.

FOTOGRAFÍA

TRAS O OBXECTIVO

Martes, de 17.00 a 18.30 h.

RESPONSABLE: Mero Barral

Obradoiro de iniciación á fotografía de carácter eminentemente práctico, en que cada participante deberá traer a súa propia cámara (REFLEX). Buscamos descubrir a cidade e as imaxes que nela transcorren día a día. Como, cando, onde e por que debemos sacar as nosas fotografías.

RETRATOS FOTOGRÁFICOS

Xoves, de 17.00 a 18.30 h.

RESPONSABLE: Cándido Díaz

Neste obradoiro, é básico que as persoas participantes coñezan o funcionamento das súas cámaras Reflex, xa que se trata dun curso avanzado de fotografía, onde se tratarán, entre outros contidos, a macrofotografía, como facer bodegóns e iniciación ao retoque fotográfico. Con saídas complementarias, onde se aplica todo o aprendido.. Combinaranse as sesións da aula con saídas para observar o ceo nocturno con telescopio.

OFERTA ESPECÍFICA + 70 ANOS

FAGAMOS MEMORIA I, II, III

Luns e mércores, de 10.00 a 11.00 h (Grupo I), de 11.00 a 12.00 h (Grupo II) e de 12.00 a 13.00 h (Grupo III).

RESPONSABLE: Patri Angulo

Actividades de afondamento nas habilidades mentais por medio de actividades variadas relacionadas coa linguaxe, a lóxica, a percepción, a coordinación...

NUNCA É TARDE: OBRADOIRO DE INICIACIÓN Á LECTURA E ESCRITURA

Martes e xoves, de 10.00 a 11.30 h.

RESPONSABLE: Marta Alonso

Aprendizaxe de habilidades básicas para a lectura e a escritura.

DESFUTANDO DE APRENDER

Martes e xoves, de 10.00 a 11.30 h.

RESPONSABLE: Mar Peñarrocha

Perfeccionamento das técnicas para mellorar a comprensión lectora e a expresión escrita por medio de actividades moi variadas: debates, buscas de información, lecturas...

ENTRENA O TEU CEREBRO

Martes e xoves, de 19.00 a 20.15 h.

RESPONSABLE: Mónica González

Adestramento de capacidades de atención, memoria e razoamento a través de actividades de discriminación e emparellamento de imaxes e sons, dirixidas a persoas maiores de 70 anos.

AVIVANDO O ENXEÑO

Martes e xoves, de 19.00 a 20.00 h.

RESPONSABLES: Antonio León e Pancho Álvarez-Fontenla

Propostas de mellora da memoria con exercicios de atención, concentración e de desenvolvemento lóxico por medio da linguaxe, as imaxes, a coordinación, os xogos de taboleiro, os números...

MINDFULNESS

APRENDENDO A RELAXARSE

Martes, de 11.30 a 13.00 h.

RESPONSABLE: Vicente Goyanes

A través da meditación, aprenderás a vivir experimentando no momento presente dun xeito relaxado e consciente. Recoñeceremos o funcionamento da nosa mente e reduciremos o fluxo de pensamentos negativos e non desexados.

OFERTA ESPECÍFICA PARA NENAS E NENOS

COMO SE DEBUXAN OS LIBROS (6-12 ANOS) Venres, de 17.30 a 19.30 h.

RESPONSABLE: Irene Sanjuan

Neste obradoiro, imos entender como se fai un libro. A través de diferentes técnicas como a estampación, o collage, a acuarela etc., crearemos a nosa pequena historia de principio a fin, desde os primeiros debuxos ata ter na man o noso propio libro deseñado e debuxado por nós.

SÁBADOS AO FÓRUM (de 4 a 8 anos (2011-2007))

Sábados, de 11.00 a 13.00 h.

RESPONSABLES: educadoras/es dos campamentos

Proposta de carácter lúdico e compoñente recreativa para favorecer a capacidade de iniciativa colectiva das nenas e dos nenos. Cada día será unha "aventura" diferente, descubriremos o medio natural, coñeceremos

a historia da nosa cidade, os nosos dereitos e deberes, como se forman as nubes, os grandes descubrimentos... tratando as distintas áreas transversais de forma lúdica e moi divertida para que cada sábado poidamos xogar e descubrir infinidade de cousas.

CINEBARRIO (de 9 a 12 anos (2006-2003))

Sábados, de 11.00 a 13.00 h.

RESPONSABLES: educadoras/es dos campamentos

Proposta de carácter lúdico e compoñente recreativa para favorecer a capacidade de iniciativa colectiva das nenas e dos nenos. Nesta ocasión, buscaremos descubrir todo o mundo que rodea o cinema; seremos guionistas, produtores, actores e actrices... dos nosos filmes. Trataremos de descubrir as distintas técnicas de filmación e creación que existen nos nosos días.

CONDICIONES PARA PARTICIPAR EN LOS TALLERES DEL PROGRAMA DE OCIO:

INSCRIPCIÓN DE CONTINUIDADE:

Os días 11 e 12 de xaneiro, na conserxaría do Fórum, de 9.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 h.

Para formalizar a inscrición, **será necesario aboar en efectivo o importe do obradoiro correspondente**, ademais de ter asistido a un mínimo do 50% das sesións do outono.

PREINSCRIPCIÓN:

Os días 13 e 14 de xaneiro, na conserxaría do Fórum, de 9.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 h, por vía telemática ou descargando e cubrindo a folla de preinscrición, tal el como se indica na páxina www.coruna.es/cultura

Unha vez cuberta, enviarase ao enderezo de correo electrónico: forumocio@coruna.es desde o que se lle remitirá, nun prazo de 24 horas, un correo resposta co número que lle foi asignado para o sorteo.

Cada solicitante poderá anotar ata catro obradoiros na ficha; deberase ter en conta que na adxudicación respectarase a orde de preferencia fixada pola persoa solicitante e esta non poderá ser modificada unha vez que se realice o sorteo.

Na preinscrición presencial, adxudicaráselle directamente a cada solicitante un número que servirá para o sorteo.

SORTEO PÚBLICO:

Venres 15 de xaneiro, ás 10.00 h, na conserxaría do Fórum.

ADXUDICACIÓN DE PRAZAS:

As listaxes dos obradoiros adxudicados publicaranse o **martes 19 de xaneiro, a partir das 9.00 h**, no Fórum, nas distintas webs municipais de Cultura e no servizo telefónico 010.

A partir do número extraído no sorteo, asignaranse as prazas en cada obradoiro.

Outorgaráselle ao maior número de persoas, cando menos, un obradoiro.

Adxudicaranse un máximo de dous obradoiros por persoa.

INSCRIPCIÓN:

Os días **19 e 20 de xaneiro, na conserxaría do Fórum, de 9.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 h.**

Para formalizar a inscrición, será **necesario aboar en efectivo o importe do obradoiro correspondente**. As prazas adxudicadas só poderán ser ocupadas polas persoas agraciadas no sorteo. As prazas non aboadas durante estes días adxudicaráselles ás persoas en listaxe de agarda.

LISTAXES DE AGARDA E PRAZAS VACANTES:

As persoas en listaxes de agarda dun obradoiro terán preferencia en ocuparen as prazas non aboadas do dito obradoiro, que serán adxudicadas pola orde do sorteo. Terán preferencia aquelas persoas que non obtivesen ningunha praza.

Os días **21 e 22 de xaneiro** contactaremos **vía telefónica** só con aquelas persoas que estean nas listaxes de agarda para saber se continúan interesadas en inscribirse nos obradoiros que solicitaran. Terán que formalizar a inscrición, pagándoa, os días **25 e 26 de xaneiro**.

A partir do **28 de xaneiro** e despois deste proceso, o resto das prazas vacantes poderán ser ocupadas polo público en xeral, que deberá inscribirse e aboalas por orde de chegada, nos horarios indicados anteriormente.

COTA DE INSCRIPCIÓN: 30 € por obradoiro (maiores de 65 anos: 21 €)

INICIO DOS OBRADOIROS:

A partir do 1 de febreiro, no día e hora que lle correspondan a cada obradoiro.

Os obradoiros só se porán en marcha cun mínimo de 12 participantes.

Radio ECCA es una fundación sin ánimo de lucro que realiza distintas actividades con el objetivo de elevar la formación cultural y humana del mayor número de personas posible. Con esta misión siempre presente, nos proponemos ofrecerles la mejor alternativa de ocio posible para los centros Ágora y Fórum. ¡Gracias por formar parte de este proyecto!.

O PROGRAMA DE LECER DE PRIMAVERA 2016 vén cargado de propostas innovadoras con actividades que impulsan a formación con accións culturalmente enriquecedoras utilizando a cidade e todos os recursos que esta nos ofrece. Busca, á súa vez, o incremento da demanda cultural e o coñecemento da oferta da cidade e promove convivencia e a sociabilidade das persoas participantes. Programa enfocado a persoas maiores de 16 anos, con excepción das actividades específicas para nenas/os e adolescentes.

R/ Río Monelos - 15006 A Coruña - forumocio@coruna.es - Tel. 981 184 293

